

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE

NOVEMBRO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Declaración institucional contra a violencia de xénero

Polo Sr. alcalde dáse lectura á declaración institucional, asinada por todos os voceiros dos grupos municipais que compoñen a Corporación:

“Neste ano de 2011, que está a piques de rematar, o fenómeno da violencia contra as mulleres por parte das súas parellas ou ex parellas ten dado mostras evidentes de que aínda que existe un elevado grao de concienciación e rexeitamento da sociedade no seu conxunto contra esta clara manifestación de desigualdade e discriminación contra as mulleres, é moito o que temos por facer aínda para conseguir unha sociedade sen violencia.

Os casos máis graves que temos vivido ata esta data evidencian como esa violencia ten como vítimas preferentes ás mulleres, pero afecta de xeito moi importante aos nenos e nenas, que son tamén vítimas ou testemuñas da violencia, con importantísimas secuelas para o seu desenvolvemento físico e psicolóxico.

A violencia de xénero só se pode erradicar desde a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade, así como desde a educación das xeneracións máis novas nos valores da igualdade, a paz, a tolerancia e o rexeitamento da violencia.

Galicia conta cunha lei propia, a 11/2007, para traballar de xeito máis eficaz na eliminación desta lacra da nosa sociedade, e na que se articulan medidas para que a coordinación entre as diferentes administracións se reforce na percura de respostas áxiles e axeitadas.

Os concellos teñen un importante papel de prevención e atención ás vítimas e por elo a súa implicación na resposta eficaz aos casos que se presenten nos seus límites é absolutamente necesaria.

Por todo elo, os Grupos asinantes acordan:

Primeiro: Rexeitar calquera tipo de violencia que se exerza contra as mulleres, e moi particularmente a violencia que se exerce contra as mulleres no seo das parellas.

Segundo: Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia que impulse todas as medidas precisas para erradicar este fenómeno, particularmente aquelas contidas na lei galega 11/2007.

Terceiro: Solicitar á administración local, que facilite ao máximo o acceso das mulleres aos recursos existentes, reforzando actuacións e protocolos de actuación ante os novos casos.

Cuarto: Solicitar ao goberno de España que extenda a protección da lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, aos e ás menores, por entender que son vítimas, directas ou indirectas, da violencia que se exerce sobre as súas nais, dotando orzamentariamente esta importante modificación de xeito adecuado e suficiente.

Quinto: Solicitar ás administracións estatal e autonómica que continúen velando porque os medios de comunicación adopten as medidas oportunas para que o tratamento informativo da violencia contra as mulleres se manteña no respecto debido ás vítimas e ao seu contorno.”

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración institucional, tal e como foi transcrita.

2º Aprobación, se procede, do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2012

Vista a proposta do concelleiro delegado de Obras e Servizos de data 25 de novembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 29 de novembro de 2011.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que se pretende facer un investimento en obras e servizos en varias parroquias dentro do POS 2012. Basicamente se trata de reposición de canalizacións en mal estado, tanto de saneamento como de abastecemento, nalgúns casos para discriminar as augas pluviais e residuais que estaban conectadas pola mesma canalización. Por exemplo hai un problema grave no bombeo de fecais no Temple, porque cando chove non hai maneira de que se dea bombeado todo, e hai bastantes problemas de filtracións, de augas mal conectadas. Estase tratando de resolver eses problemas na medida que é posible.

Explica que a Deputación destinou dentro do POS para Cambre preto de 400.000 euros. Deses cartos, 198.000 serán para obras e os outros 203.000 quedan para gasto corrente. Nas bases de execución do POS permitían un máximo do 60% para gasto corrente, e a proposta que traen a aprobación está en torno a un 50%. O Plan complementario consiste basicamente no mesmo tipo de actuacións, por un importe de 114.000 euros.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster, e iso non por estar en contra do proxecto de obra que se presenta en canto á renovación das redes e en canto ao saneamento, por importe de 198.000 euros, senón porque non se lles informou adecuadamente da partida destinada a gasto corrente que alcanza os 203.000 euros. Entenden que é preciso que o equipo de goberno realice un posicionamento ou unha proposta para ver que gasto corrente en concreto se quere financiar coa partida de 203.000 euros.

Di que entre a comisión informativa que tivo lugar anteriormente e o pleno se lles fixo entrega do informe da Intervención e parece ser que ese diñeiro de gasto corrente vai destinado a cubrir parte do custo do servizo de limpeza viaria e da iluminación pública e, por tanto, son servizos que perfectamente poden ser financiados con cargo a eses cartos da Deputación. De todas formas, entenden que se lles debería ter dado esa documentación con anterioridade, por todo isto, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén se vai abster. En principio por algo do que dixo o voceiro do PSdeG-PSOE, porque lles falta información. En segundo lugar porque as obras as decide única e exclusivamente o goberno, e aínda que non por iso van dicir que estean mal, o certo é que non se contou co resto da oposición absolutamente para nada, e cre que todos deberían achegar algo a estes proxectos.

Di que volve dicir o que xa dixo nas comisións, que seis meses de goberno son suficientes para empezar co tema dos contratos que están en precario. Por exemplo, respecto do contrato de Augaservi, que segue en precario, eles apostan porque cando se

contrate parte das obras necesarias en Cambre sexa a empresa que se contrate a que as acometa. De ter feito iso, os 198.000 euros poderían ter servido para acometer máis obras aínda.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo considera a importancia deses investimentos, e non dubidan da necesidade de levar a cabo os proxectos que se propoñen, á marxe de que, como dixo nas comisións, existen multitude de necesidades en Cambre que deberían ser tidas en conta, e sobre todo, tamén deberían comunicarse cos grupos da oposición, e darlles participación neste tipo de cuestións. Di que neste caso o goberno municipal está aplicando a mesma política que o goberno anterior, está ignorando aos grupos da oposición totalmente, está ignorando a uns concelleiros legalmente elixidos polo pobo.

Continúa dicindo que tamén botan en falta unha memoria, un plan municipal de obras e servizos de asfaltado de camiños, como xa teñen reclamado noutras ocasións. Na proposta do concelleiro, así como no propio informe da arquitecta municipal, tamén se fala da obtención das correspondentes licenzas das administracións que teñen competencia nalgunha destas actuacións. Refírese aos informes de Augas de Galicia, de Estradas de Galicia ou de Patrimonio da Xunta. En calquera caso, di que é unha responsabilidade do goberno, e máis concretamente do propio alcalde, garantir que para esta data os terreos afectados estean a disposición do concello e cos informes favorables de todas as administracións.

Como dixo antes, non se conta cos grupos da oposición nalgunhas cousas, porque acaban de aprobar unha declaración institucional na que si se lles tivo en conta, si se lles preguntou se querían engadir ou achegar algo. Cre que para estas outras cousas, como é o POS, tamén se deber ter en conta aos grupos da oposición. En todo o caso, o seu grupo, co ánimo de non entorpecer o progreso de Cambre, e con base tamén no propio informe da arquitecta, vanse abster neste tema.

Conclúe dicindo que non quere rematar sen lembrar que os grupos que agora están no goberno, na anterior lexislatura, tamén facían a apreciación de que non se daba participación. El cre que niso hai unha incoherencia, se antes se reclamaba participación, agora eles deberían de dala, e pode darse un vistazo ás actas doutros anos que fan relación ao POS e ver como nas intervencións dos voceiros de quen agora está gobernando, se reclamaba maior participación.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén se vai abster. Di que recoñecen que son tan necesarias estas obras como outras mil que se necesitan por todo o concello, pero non recoñecen que o POS, unha actuación na que en esencia empeza e acaba a relación do concello coa Deputación, xustifique a existencia desta segunda.

Di que se a este POS se lle sumasen os cartos que se aforrarían eliminando os deputados provinciais, o mantemento do palacio provincial, e outros gastos supérfluos, o importe

sería sensiblemente máis alto.

Conclúe afirmando que a Deputación é unha institución que sobra dende a existencia da Xunta.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que comparte a opinión de todos os seus compañeiros da oposición. Cre que non é forma de proceder por parte do goberno local. Como ben dicía o voceiro de EU, cando estaban na oposición sempre criticaban ao anterior goberno porque non tiña maioría e aínda así non deliberaba, nin trataba, nin compartía antes os asuntos cos membros da oposición. El agora tamén bota de menos iso.

Conclúe dicindo que se vai abster. As obras son necesarias, estas e moitas outras, pero cre que non é forma de proceder, nin un exemplo de democracia. O goberno local só chama á oposición cando está en apuros ou en perigo, pero despois, cando saben que o asunto vai saír adiante, non conta co resto dos grupos, ou ás veces veñen ao pleno, e cando saben que non vai saír a votación favorable, retiran o punto da orde do día. Cre que esa non é forma de facer política nin un exemplo de democracia.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez reconece e admite que, efectivamente, ao mellor faltou un pouco de comunicación neste tema, pero di que agarda que de cara a outras actuacións isto se vaia resolvendo. No POS deste ano pasaron así as cousas, porque tiña que ser moi rápido, pero agarda que para o próximo ano, ao longo de todo o ano, todos vaian achegando cuestións que se poidan ir incluíndo de cara ao POS.

Di que se trata dunhas necesidades que están aí, e todos reconecen que son estas pero que tamén hai moitas máis. El de verdade agarda que de cara ao vindeiro ano entre todos vaian achegando ideas. Cre que enriquece máis esa forma de participar que facer unha reunión un mes antes de redactar o proxecto. Durante o ano, entre todos, terán que ir recompilando cousas, e despois á hora da verdade decidir entre todos cales meten.

Conclúe dicindo que nesta ocasión a participación foi nula por parte da oposición, el reconece que ten parte de culpa, pero foi todo pola rapidez e pola necesidade de ter que presentar a documentación mañá na Deputación. Di que pide desculpas e para o ano que vén espera que a cousa vaia doutra maneira.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o rexistro municipal está aberto a todas as suxestións. El, como fixo o Sr. concelleiro de Obras, tamén se vai a desculpar, pero dille ao voceiro do BNG que non se vai a desculpar por vir aquí a facer un mitin, aquí viron a falar do POS, por iso pide desculpas pola rapidez con que tiveron que facer isto. Pide desculpas por non ter dado máis participación, e felicita ao concelleiro de Obras e Servizos porque sabe que percorreu todo o concello, e todo o que incluíron nas obras do POS foi para arranxar os desaguisados que fixeron nos POS anteriores, cando el non estaba na Corporación.

Di que segue aberto o rexistro, segue aberta a súa oficina, e as suxestións que teñan que facer, poden facelas, porque todos saben que o POS existe. De todas maneiras agradece a todos a súa colaboración e di que el pensa nos veciños de Cambre e non pensa noutra cousa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o Sr. alcalde dixo que teñen o rexistro e o seu despacho aberto, pero el quere sinalarlle que os grupos tamén teñen outro ámbito de actuación e participación, que son os plenos municipais e as comisións informativas, onde os grupos, e sobre todo o seu grupo, presentan iniciativas que ben se poderían ter en conta neste POS.

Di que EU nas comisións informativas e nos plenos presenta diferentes iniciativas que se poderían recoller no POS, á marxe das que presentan por rexistro, así que non lle consinte que lles reproche nada nese sentido, nada, sobre todo ao seu grupo. Quere sinalar que son o único grupo que presenta iniciativas nas comisións informativas, porque cre que ás comisións informativas vaise a algo máis que a gañar 100 euros, vaise para traballar, e o grupo de EU está cumprindo con esa obriga.

Di que o Sr. alcalde o sabe perfectamente, así que lle pide que non veña aquí con reproches sobre que non presentan as cousas. Dille que dea unha volta ás iniciativas plenarios e das comisións, e verá como atopa un montón delas que ben se poderían incluír no POS.

Por outra parte, dille que xa está ben de lembrar o pasado, que están na presente lexislatura e é o alcalde de Cambre. Pídelle que se olvide un pouco do que fixeron os outros. Todos están convencidos do que se fixo mal, xa o saben, por iso o que ten que facer é empezar a traballar de cara ao futuro.

Concedida a palabra a don Alfonso Rodríguez Abella manifesta que el pensa que no pleno se pode falar de todo o que queiran, e realmente a Deputación aquí tamén está involucrada, porque é a que lles vai dar 400.000 euros. El só dixo que para repartir uns cartos non fai falta esa institución. Esa institución o único sentido que ten é que os dous partidos maioritarios se autofinancien con ela, pero dende que existe a Xunta a Deputación perdeu case todo o seu sentido. El mantén o que dixo, e pensa que o BNG o apoia.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que parece ser que o BNG está de acordo en que desaparezan as deputacións, pero os deputados provinciais do BNG están nelas, e seguen indo a cobrar a elas, igual que os demais.

Di que estean ou non de acordo niso, iso todos o poden valorar, e el mesmo tampouco está de acordo coas deputacións, pero que iso non ten nada que ver co que están tratando. Non se poden estar dicindo unhas cousas e despois, á hora da verdade, non facelas, é dicir, se son contrarios a esa institución, entón non deben ir alí. Se o fixeran

así, entón el tamén estaría de acordo con esa postura.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o tema da participación é importante. O propio Sr. alcalde o dixo no seu discurso de investidura e eles confiaron en que ía ser así, dar participación, falar co resto dos grupos políticos, e así o fixeron cando foi o tema da Casa da Cultura, ou co tema da Arrigada, pero agora non o fixeron.

Di que o seu grupo simplemente lles está dicindo, e cre que o resto da oposición tamén, que conten con eles non só para o que interese ao goberno municipal, senón para todo o que interese aos veciños de Cambre. O Sr. alcalde non é o único a quen lle interesa que os veciños de Cambre melloren, interésalles a todos, e por iso están aquí.

Con respecto ao que dixo o Sr. Taibo quere sinalar que pode que sexa o único grupo que presenta rogos e preguntas nas comisións, pero o resto non veñen a cobrar 100 euros aquí. Di que UxC ten preto de 60 propostas feitas por rexistro e non as traen nin a unha comisión nin a un pleno, pero están traballando e facendo propostas por rexistro para que o goberno municipal coñeza o que eles detectan nos veciños e veciñas de Cambre, e cales son as súas necesidades. O Sr. Marante sabe perfectamente que o seu compañeiro Antonio Orosa, día si e día non, está con el e vai aos sitios a ver cales son as necesidades que hai e preséntalle aos veciños que teñen as ditas necesidades.

Eles non agardan a unha comisión a traer tres ou catro preguntas para dicir xa cobrei os 100 euros e xa fixen o meu traballo. Dille ao voceiro de EU que, ou entendeu el mal, ou pensa que sobra esa parte. Non veñen ás comisións a cobrar, veñen a tratar os temas que van ao pleno e cada un o expón como ben cre que ten que facelo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás dille ao voceiro de UxC, que el falou polo seu grupo, por EU. Cada un fai a política que quere, pode ir ou non ir, e pode presentar ou non presentar, pero cada un fala polo seu grupo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Taibo que ás veces o perden un pouco as súas palabras. O voceiro de EU dixo que eran o único grupo, e el non ten nada en contra, pero EU non é o único grupo. El o que di, e segue a mantelo, e que el ofreceu a transparencia neste concello, fíxoo o primeiro día da investidura, e segue a ofrecela. En todos os casos que afecten a Cambre, aquí o van ter coas portas abertas, e así o puideron ver, como dixo o voceiro de UxC, na Arrigada, na Casa da Cultura, no documento de inicio do Plan xeral, cando non tiña porque facelo porque é unha potestade da Alcaldía. En todos os temas que afecten a Cambre, el vai a facelo.

No tema do POS, que é o que está enriba da mesa, a verdade é que foi moi curto o tempo. Non lles chegou o tempo para contratar á enxeñería, redactar os proxectos, percorrer todas as parroquias, ver onde había dificultades, ver onde lles reclamaban os veciños e cales eran os casos máis sangrantes. Ese foi o asunto, non lles deu suficiente tempo, e que non lle digan que se poña as pilas e que se poña a traballar e non se remita

ao pasado.

El está de acordo en que Cambre necesita moitas máis obras das que hoxe están aquí, e posiblemente moito máis importantes, pero neste punto tense que remitir ao pasado porque non lle queda máis remedio, porque existen casos nos que empezaron unha rede de sumidoiros nun punto, e deixaron vinte casas atrás, sen rede, e agora teñen que poñela.

Di que dixo e segue dicindo que estará aberto sempre, con toda a transparencia neste concello, e polo que lles toca, tanto ao concelleiro de Obras e Servizos como a el, que é o alcalde, pide desculpas polo erro que puideron ter ao non haber tempo suficiente para mantelos suficientemente informados.

O voceiro de EU pide intervir e o Sr. alcalde dille que non, que sempre quere ter a última palabra, que aquí hai un Regulamento orgánico, xa lle deu a réplica e non lle dá máis, hai que votar o punto e terminar.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o Sr. alcalde mentiu, e dillo así claramente, porque el dixo e reitera que EU foi o único grupo nesta lexislatura que presentou iniciativas nas comisións informativas, e o Sr. alcalde díxolle que non, e el quere volvelo a reiterar, son o único grupo que nesta lexislatura presentou iniciativas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
Renovación redes de servizos en Agra do Mero (Sigrás), Ponte do Cubo (Cecebre), Seoane (Anceis) e outros	188.490,30	10.000,00	198.490,30
Subtotal obras	188.490,30	10.000,00	198.490,30

Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2012 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	203.597,18

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
Subtotal obras	188.490,30	10.000,00	198.490,30
Subtotal gastos correntes	203.597,18		203.597,18
TOTAL	392.087,48	10.000,00	402.087,48

Segundo: Aprobar o Plan complementario do ano 2012 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación da obra	Presuposto
Renovación redes de servizos e pavimentación en Penouviña (Cambre) e Fontenla (Pravio)	114.431,47
TOTAIS	114.431,47

Terceiro: Declarar que o concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2012.

Quinto: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sexto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo: Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo: Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia